

Na data 10/08/2026 o Alcalde ditou a Resolución que literalmente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: PADRÓN DA TAXA POLO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de escola infantil, publicada no BOP nº200 do 24 de novembro de 2020.

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do servizo de escola infantil do mes de **XULLO de 2026**.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de escola infantil do mes de **XULLO de 2026**, composto por 31 contribuintes e importe total de 1.029,22 Euros.

SEGUNDO.- Publicar o edicto no taboleiro de anuncios, a efectos de notificación colectiva nos termos do artigo 102.3 de Lei 28/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses, a contar dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

Cabana de Bergantiños, a 10 de agosto de 2026

O Alcalde

Asdo. José Muíño Domínguez